

Resolución do 15 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca o curso de formación para o desenvolvemento da función directiva no ano 2022 que acredita para o acceso a postos de dirección en centros docentes públicos que impartan as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de Educación.

A formación permanente do profesorado enténdese como unha actividade encamiñada ao desenvolvemento persoal e profesional do profesorado para optimizar a súa capacidade de resposta ás funcións que a sociedade lle encomenda.

A dirección dos centros educativos identifícase como factor clave para a calidade do sistema educativo e apóstase por un modelo de dirección profesional que se alia coas recomendacións europeas sobre esta figura, que debe conxugar a responsabilidade institucional da xestión do centro como organización, a xestión administrativa, a xestión de recursos e o liderado e dinamización pedagóxica, desde un enfoque colaborativo, e a lóxica de buscar o equilibrio entre tarefas administrativas e pedagóxicas. Constitúe, polo tanto, unha prioridade do sistema educativo contar cunha dirección de calidade nos centros.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece no artigo 131 que a dirección dos centros educativos conxugará a responsabilidade institucional da xestión do centro como organización, a xestión administrativa, a xestión de recursos e o liderado e dinamización pedagóxica, desde un enfoque colaborativo, buscando o equilibrio entre tarefas administrativas e pedagóxicas.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación modifica o artigo 134 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, relativo aos requisitos para ser persoas candidatas á dirección e o procedemento de selección. No artigo 134.1.c) establécese que as administracións educativas poderán considerar como requisito a formación á que se refire o punto 6 do artigo 135.

O artigo 135.1 da devandita Lei orgánica establece que as administracións educativas convocarán concurso de méritos e establecerán os criterios obxectivos e o procedemento de valoración do proxecto presentado e dos méritos do candidato, entre os que incluírán a superación dun programa de formación sobre o desenvolvemento da función directiva. Así mesmo, no punto 6 do citado artigo recóllese a necesidade de superar un programa de formación sobre competencias para o desempeño da función directiva de maneira previa ao seu nomeamento.

Para a mellora da calidade educativa, precísase dunha transformación do modelo directivo, apoiado no aumento de autonomía dos centros e no reforzo da capacidade de xestión da dirección,



establecendo esta autonomía xunto co liderado dos seus directores e directoras como factores clave para a transformación do sistema educativo cara ás novas demandas de aprendizaxe do século XXI.

Polo tanto, faise necesario convocar o curso de formación para o desenvolvemento da función directiva nos centros educativos públicos, que permita contar con profesorado que posúa as competencias xerais e específicas para levar a cabo a función de dirección coa maior garantía de éxito posible, proporcionando unha mellora da calidade educativa dos centros, cuxos efectos deberán estenderse cara a toda a comunidade educativa.

Na súa virtude, en consonancia co establecido na normativa básica de referencia,

ACORDA:

Primeiro. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto convocar para a Comunidade Autónoma de Galicia o curso de formación para o desenvolvemento da función directiva para a obtención da acreditación establecida no artigo 135.6 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Segundo. *Persoas destinatarias*

1. Considérase persoa destinataria a todo o persoal funcionario de carreira dun corpo docente ao que se refire a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, incluído o corpo que se vai extinguir de profesores técnicos de formación profesional, e estar a prestar servizos no curso 2022/23 nun centro docente dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e depender organicamente desta.
2. Ter unha antigüidade de, polo menos, tres anos como persoal funcionario na función pública docente con nomeamento nun dos corpos aos que se fai referencia na epígrafe anterior.

Este requisito considerarase imprescindible para o acceso ao curso obxecto desta convocatoria salvo no caso de docentes que estean exercendo as súas funcións en centros públicos específicos de educación infantil, nos centros incompletos de educación primaria, nos centros de educación secundaria con menos de oito unidades, nos centros que impartan ensinanza artística profesional, deportivas, de idiomas ou nos centros específicos de adultos con menos de oito docentes.

3. Así mesmo, considerarase persoa destinataria o persoal docente do corpo de mestres das especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que desempeñasen funcións de



atención á diversidade na educación secundaria durante, polo menos, tres anos, e reúnan os restantes requisitos.

5. As persoas que teñan sido nomeadas con carácter extraordinario por un período de dous anos segundo o Decreto 29/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Terceiro. Características do curso

1. Este curso ten como finalidade principal facilitarlle ás persoas participantes a adquisición das competencias necesarias para o desempeño das funcións propias do posto de director ou directora dos centros docentes públicos dependentes nos que se impartan as ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

2. Os contidos que se traballarán serán os determinados pola administración competente en materia de educación na nosa comunidade autónoma. En consecuencia, o programa formativo sobre o desenvolvemento da función directiva conterán oito módulos recollidos no Anexo I da presente convocatoria.

3. Convócanse un total de 240 prazas.

4. Esta actividade levarase a cabo no primeiro e segundo trimestre do curso 2022/23, mediante a modalidade de curso de formación na Rede, na Plataforma de Teleformación Galega (Platega).

5. O curso, sendo na Rede, ten carácter de compatibilidade coa realización doutro/s cursos Platega.

6. A duración do curso de formación para o desenvolvemento da función directiva terá un total de 150 horas de duración.

7. O curso, incluído no Plan Anual de Formación do Profesorado, será desenvolvido pola rede de formación do profesorado e xestionado a través da plataforma FProfe: <https://www.edu.xunta.es/fprofe>.

Cuarto. Solicitudes e criterios de admisión

1. Poderán presentar solicitudes para esta convocatoria as persoas que cumpran os requisitos establecidos no apartado segundo desta resolución.

2. Con carácter xeral, os criterios de selección e matrícula para o curso formación para o desenvolvemento da función directiva serán os seguintes, ordenados por orde de prioridade:

- Ter destino asignado.



- Ser funcionario/a de carreira.
- Ter un mínimo de tres anos exercidos coma persoal funcionario na función pública docente.
- Non dispoñer da acreditación á dirección.
- Non ter exercido a dirección durante a transitoria LOMCE.
- Ser persoa directora dun centro público de ensinanzas non universitarias dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- A antigüidade.

3. Terán preferencia para o curso as persoas que se atopen nalgún dos seguintes casos, con esta orde de prioridade:

a) Quen, sexa muller ou home, estea a utilizar ou utilizase, nos dous últimos anos, unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares, segundo o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Terase en conta o establecido no número 3 apartado a) do artigo 3 do Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación.

b) Quen sendo nomeada en xullo 2022 teña superada a formación inicial para novas direccións escolares, levada a cabo nese mesmo mes.

c) Quen fose nomeada con carácter extraordinario por un período de dous anos e estea exercendo a dirección dentro dese período.

4. O profesorado interesado en participar na convocatoria deberá realizar a inscrición na aplicación Fprofe: <https://www.edu.xunta.es/fprofe>, a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria e cun prazo de 10 días hábiles.

5. O Anexo II da convocatoria recolle as alegacións de dereitos preferentes ou exención da realización dalgúns dos módulos troncais segundo se recolle na disposición adicional segunda da presente convocatoria.

6. Para poder exercer o dereito de preferencia, recollido no punto 3 deste artigo, haberá que solicitarlo **dentro do prazo de inscrición** á persoa asesora responsable no seguinte correo electrónico: <cafi.equipos.directivos1@edu.xunta.gal>, achegando a documentación acreditativa para acollerse aos dereitos preferentes recollidos nesta convocatoria así como a posibilidade de exención da realización dalgúns dos módulos troncais. En ningún caso se aplicará o dereito preferente naquelas solicitudes achegadas fóra de prazo.



A documentación acreditativa tamén poderá presentarse, achegando o anexo II, mediante a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, empregando unha solicitude xenérica mediante o servizo PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Quinto. Proceso de selección

1. As persoas que resulten provisionalmente seleccionadas, pasen á lista de reserva, ou sexan rexeitadas, recibirán a través da aplicación FProfe a comunicación correspondente; debendo confirmar ou renunciar á súa participación, así como realizar as reclamacións pertinentes ao CAFI, no prazo establecido de cinco días hábiles.
2. Logo deste período, as persoas definitivamente seleccionadas recibirán confirmación a través de FProfe, pasando a estar admitidos/as. A partir dese momento consideraranse efectivamente matriculados/as e non poderán realizarse renuncias ao curso, entendéndose estas como abandonos.

Sexto. Resolución definitiva

1. Contra esta resolución, cabe interpoñer un recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes que comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que se reciba a notificación, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso Contencioso Administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
2. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Sétimo. Certificación do curso.

1. Unha vez finalizado o curso, as persoas participantes que reciban unha avaliación positiva da actividade, obterán:
 - a) Un certificado, de 150 horas de formación.



b) A certificación acreditativa para o desempeño do cargo do director ou directora de centros educativos públicos nos que se impartan as ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

2. Para obter a certificación acreditativa de ter superado o curso, será preciso que as persoas participantes realicen todas as actividades indicadas polo profesorado e teñan superado a avaliación de cada un dos módulos do curso.

3. A certificación será sobre o curso no seu conxunto e non se certificarán módulos independentes.

Disposición adicional primeira. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos seranlles comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

Disposición adicional segunda. Exención da realización e avaliación de certos módulos

Quen estean en posesión dun Máster ou título de posgrao, ambos de carácter oficial sobre dirección e xestión de centros docentes, quedarán exentos/as da realización e avaliación de todos os módulos troncais, a excepción do módulo do proxecto de dirección e dos módulos específicos que determina a Administración educativa convocante. Quen se atope nesa situación non computará para efectos da asignación no cómputo total de prazas ofertadas. As persoas que se atopen nesta situación deberán comunicarllo previamente vía correo electrónico á dirección cafi.equipos.directivos1@edu.xunta.gal e presentar, sempre dentro do prazo de inscrición, a copia do título correspondente, achegando o anexo II, tal e como está establecido no apartado 4.5 desta Resolución

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos



ANEXO I

Curso Formación para o desenvolvemento da función directiva

Programa formativo: módulos e contidos

Módulo I (troncal). Marco normativo aplicable aos centros docentes.

- a) Ordenamento xurídico español. Normativa estatal e autonómica.
- b) Procedemento administrativo común. Normativa autonómica sobre procedemento administrativo.
- c) Leis e regulamentos educativos.
- d) Réxime xurídico aplicable ao centro docente e aos seus órganos colexiados.
- e) Normativa aplicable ao persoal funcionario e laboral.
- f) Normativa orzamentaria, financeira, de contratación pública e de responsabilidade civil.
- g) Normativa relativa ao menor.
- h) Normativa de protección de datos e a súa aplicación aos centros docentes.

Módulo II (troncal). Organización e xestión de centros docentes.

- a) O centro docente como organización: función directiva e documentación institucional.
- b) Xestión do centro por proxectos.
- c) Imaxe institucional, colaboración e promoción externa do centro.
- d) Funcións e responsabilidades da dirección e do equipo directivo.
- e) Estructuras de planificación e coordinación.
- f) Xestión do centro como organización educativa: modelos curriculares, formación docente, innovación educativa, traballo en redes.
- g) Avaliación da práctica docente.
- h) Convivencia escolar. Prevención de conflitos e programas de mellora da convivencia. Estratexias e boas prácticas.
- i) A participación da comunidade educativa.

Módulo III (troncal). Xestión dos recursos do centro docente.



- a) Xestión administrativa e económica.
- b) Xestión de recursos humanos.
- c) Xestión de tempos e espazos.
- d) Servizos complementarios.
- e) Ferramentas para unha xestión da calidade. Especialización curricular dos centros e accións de calidade.
- f) O papel das tecnoloxías da información e da comunicación no centro. Ferramentas informáticas. Desenvolvemento de novos modelos de ensino e aprendizaxe.
- g) Servizos de apoio aos centros e programas institucionais. Programas educativos europeos.
- h) Prevención de riscos laborais e Plan de autoprotección do centro.

Módulo IV (troncal). Factores clave para unha dirección eficaz.

- a) Liderado educativo para a dirección. O liderado como influencia.
- b) Competencias esenciais do liderado. Que fan os líderes eficaces?
- c) Modelos de liderado.
- d) Tendencias europeas en liderado educativo. Plataformas de formación e boas prácticas.
- e) Ferramentas para o exercicio do liderado cara á mellora da aprendizaxe.
- f) Habilidades sociais na xestión do centro docente.
- g) O proceso de toma de decisións.
- h) Comunicación interpersonal e funcionamento de grupos.
- i) Habilidades emocionais.
- j) Resolución de conflitos.

Módulo V (troncal). Rendición de contas e calidade educativa.

- a) Xestión de calidade e autoavaliación dos centros docentes.
- b) Autonomía, transparencia e rendición de contas.
- c) Plans de mellora. Planificación estratéxica dos procesos.
- d) Avaliación do sistema educativo. Avaliación das aprendizaxes: desenvolvemento e aplicación de probas.



- e) Ferramentas para a avaliación do centro docente.
- f) A propiedade intelectual. Normativa.
- g) Ferramentas de utilidade para a recollida de datos e o posterior percorrido destes. Importancia da calidade dos datos recollidos.

Módulo VI (específico). Módulo específico de Galicia.

- a) Centros inclusivos: deseño e accesibilidade universal. Atención á diversidade como centro do sistema.
- b) Igualdade, co-educación e prevención da violencia de xénero.
- c) Proxecto educativo do centro.
- d) A formación do profesorado.
- e) Ferramentas e aplicacións institucionais.
- f) A organización do centro.
- g) Permisos e licenzas. Normativa.
- h) Xestión de equipamentos. Trámite de seguros.
- i) Outros aspectos específicos.

Módulo VII (troncal). Proxecto de dirección.

- a) Análise diagnóstica do centro docente.
- b) Áreas de mellora.
- c) Obxectivos do proxecto.
- d) Plans de actuación e a súa temporalización.
- e) Recursos e organización do centro para o logro dos obxectivos.
- f) Seguimento e avaliación do proxecto: indicadores de logro.

Módulo VIII (específico). Accións de identidade dende a Administración educativa de Galicia

- a) Plan dixital de centro e acreditación da competencia dixital docente.
- b) Modelo de competencias profesionais docentes.
- c) Xestión sustentable e eficiente dos centros educativos.

